

Praza número: 25/14002

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Axudante Doutor/a

Dedicación: Tempo Completo

Área de coñecemento: Economía Aplicada

Departamento: Economía

Centro: Facultade de Economía e Empresa

ACTA DE CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN

En A Coruña, ás 13:00 horas do 30 de setembro, para cumprir os requisitos a que alude o artigo 17.2. da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, constitúese a comisión que vai xulgar o concurso que arriba se indica, coa asistencia dos seguintes membros que manifestan que non están incursos en ningunha das causas de abstención previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, nin en situación que se poida cualificar de conflito de interese, establecidas no artigo 32.4 do Real decreto 678/2023:

Presidencia: López Martínez, Iván

Secretaría: Núñez Gamallo, Ramón José

Vogal 1º: Pereira Sánchez, María Ángeles

Vogal 2º: Lucio Fernández, Juan José de

Vogal 3º: Rodríguez Míguez, Eva María

Rep. Trab. (s/voto): Sánchez de Paz, Elena M. Montserrat

Na Coruña, a 1 de outubro do 2025

A presidencia da comisión
López Martínez, Iván

Praza número: 25/14002

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Axudante Doutor/a

Dedicación: Tempo Completo

Área de coñecemento: Economía Aplicada

Departamento: Economía

Centro: Facultade de Economía e Empresa

Criterios de avaliación

A comisión de selección do concurso arriba indicado, previa a súa constitución conforme á Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador da Universidade da Coruña, aprobada polo Consello de Goberno (7/11/2024), acorda establecer os seguintes criterios.

A) CRITERIOS DE APLICACIÓN XERAL

- ✓ A especialidade de coñecemento da praza é Economía Aplicada (que inclúe Estructura Económica, Política Económica, Finanzas Facenda Pública, Estatística e Econometría). As especialidades de coñecemento afíns son:
 - Fundamentos da Análise Económica,
 - Métodos Cuantitativos para a Economía e a Empresa,
 - Historia e Institucións Económicas.
- ✓ Cando un mérito poda ponderarse polo número de autores, aplicaranse os seguintes coeficientes multiplicadores:
 - 1 a 3 autores: 1
 - 4 o 5 autores: 0.75
 - 6 o más autores: 0.5

B) CRITERIOS ESPECÍFICOS

Todos os apartados que non estean incluídos nestes criterios específicos valoraranse de acordo co establecido no baremo da citada Normativa incluído no anexo I e segundo os criterios de aplicación xeral establecidos nos parágrafos anteriores.

I. FORMACIÓN ACADÉMICA.

I.1. EXPEDIENTE ACADÉMICO (GRAO, MÁSTER, OU LICENCIATURA).

Consideraranse como pertencentes á especialidade de coñecemento da praza as titulacións de Economía ou similares do ámbito de coñecemento "*Ciencias económicas, administración y dirección de empresas, márketing, comercio, contabilidad y turismo*".

Consideraranse como afíns as outras titulacións do ámbito de coñecemento "*Ciencias económicas, administración y dirección de empresas, márketing, comercio, contabilidad y turismo*".

As titulacións adscritas a outros ámbitos de coñecemento consideraranse como non afíns.

Praza número: 25/14002

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Axudante Doutor/a

Dedicación: Tempo Completo

Área de coñecemento: Economía Aplicada

Departamento: Economía

Centro: Facultade de Economía e Empresa

I.2. TESE DE DOUTORAMENTO

A comisión establecerá o grao de afinidade en función da información dispoñible; en particular, a rama ou especialidade de adscrición do programa de doutoramento e a área de coñecemento dos/das directores/as e das publicacións derivadas, entre outros.

II. EXPERIENCIA DOCENTE.

II.2. CALIDADE DOCENTE.

b) Manuais e libros de texto con finalidade docente universitaria (máximo de 4 puntos por cada manual/libro).

- ✓ Libros publicados en editoriais académicas de recoñecido prestixio internacional (Cambridge University Press, Oxford University Press, MIT Press, Elsevier, Springer, e similares):
 - Libro completo: 4 puntos
 - Capítulo de libro: 1 punto.
- ✓ Libros publicados en editoriais universitarias ou outras editoriais académicas avaladas por organismos oficiais (ANECA, SPI, FECYT, etc.):
 - Libro completo: 2 puntos
 - Capítulo de libro: 0,5 puntos.

Quedan expresamente excluídos deste apartado os volumes que recollan actas de congresos, así como os traballos incluídos nesas actas. En ningún caso se valorarán os libros que non dispoñan de ISBN.

c) Participación en proxectos docentes ou en grupos de innovación docente (máximo de 4 puntos en cada caso).

Só se considerarán proxectos obtidos en convocatorias competitivas cun mínimo de 1 ano de duración.

- Internacionais ou nacionais: 1 punto por ano (coordinador), 0,5 puntos por ano (membro do equipo)
- Outros: 0,5 puntos por ano (coordinador/director), 0,25 puntos por ano (membro do equipo)

Participación en Grupos de Innovación Docente recoñecidos:

- Coordinador: 0,5 puntos por ano
- Membro do equipo: 0,25 puntos por ano

d) Estadías docentes superiores a un mes (máximo de 2 puntos).

Valoraranse, como máximo, con 0,2 puntos por mes. A comisión poderá valorar a afinidade e relevancia de cada estadía e do centro de acollida.

Praza número: 25/14002

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Axudante Doutor/a

Dedicación: Tempo Completo

Área de coñecemento: Economía Aplicada

Departamento: Economía

Centro: Facultade de Economía e Empresa

e) Mobilidade docente STA ou similares (máximo 2 puntos)

Valoraranse, como máximo, con 0,2 puntos por mes. A comisión poderá valorar a afinidade e relevancia de cada mobilidade e do centro de acollida.

f) Premios e recoñecementos docentes (máximo de 2 puntos).

- Carácter internacional: ata 2 puntos
- Carácter nacional: ata 1 punto
- Outros: ata 0,5 puntos

g) Artigos de docencia publicados en revistas académicas

- ✓ 2 puntos por artigo publicado en revistas incluídas no listado [Economic Education Academic Journals](#) da *American Economic Association*.
- ✓ 1 punto por artigo publicado noutras revistas incluídas en SCOPUS ou na WoS.

h) Comunicaciones en congresos de innovación docente (máximo de 1 punto por cada mérito alegado).

Só se considerarán congresos organizados ou avalados por asociacións académicas ou científicas recoñecidas:

- ✓ 0,5 punto por comunicación presentada en congresos de carácter internacional,
- ✓ 0,25 puntos por comunicación presentada en congresos de carácter nacional ou autonómico.

III. EXPERIENCIA INVESTIGADORA E DE TRANSFERENCIA.

III.1. PUBLICACIÓN CIENTÍFICAS (ARTIGOS EN REVISTAS CIENTÍFICAS, LIBROS E CAPÍTULOS DE LIBRO). Puntuación máxima: 40 puntos

Artigos en revistas científicas

Con respecto á afinidade á especialidade de coñecemento da praza:

A comisión valorará a afinidade de cada artigo coa especialidade de coñecemento da praza, podendo ter en conta tanto o contido do artigo como a inclusión da revista nas categorías das bases de datos científicas.

Con respecto á calidade, aplicarase un coeficiente multiplicador segundo a posición da revista na [Academic Journal Guide](#) (AJG) da Chartered Association of Business Schools (CABS) de 2025:

- Categorias 4*, 4 e 3: 1
- Categoría 2: 0,75
- Categoría 1: 0,5
- Ás revistas incluídas en [SCOPUS](#) ou na [WoS](#) non incluídas no AJG aplicaráselles un coeficiente multiplicador de 0,25.

Praza número: 25/14002

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Axudante Doutor/a

Dedicación: Tempo Completo

Área de coñecemento: Economía Aplicada

Departamento: Economía

Centro: Facultade de Economía e Empresa

As publicacións en revistas non incluídas no AJG, SCOPUS e WoS non serán valoradas.

Libros e capítulos de libro:

- ✓ Libros publicados en editoriais académicas de prestixio internacional (Cambridge University Press, Oxford University Press, MIT Press, Elsevier, Springer, e similares):
 - Libro completo: 5 puntos
 - Capítulo de libro: 1,25 puntos
- ✓ Libros publicados en editoriais universitarias ou outras editoriais científicas avaladas por organismos oficiais (ANECA, SPI, FECYT, etc.):
 - Libro completo: 2,5 punto
 - Capítulo de libro: 0,6 puntos

A comisión valorará caso por caso a afinidade de cada libro ou capítulo de libro coa especialidade de coñecemento da praza.

III.2. COMUNICACIÓNS EN REUNIÓN CIENTÍFICAS. Puntuación máxima: 5 puntos

Aplicarase o seguinte coeficiente multiplicador segundo o carácter da asociación científica organizadora do congreso:

- Internacional de prestixio: 1
- Outros: 0,5.

Na Coruña , a 1 de outubro do 2025

A presidencia da comisión
López Martínez, Iván